



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

DECRETO

Vilariño de Conso, a 21 de Xullo de 2017

MELISA MACIA DOMINGUEZ
ALCALDESA EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

Á vista do procedemento para a contratación temporal de TRES PEÓNS de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, segundo o convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilariño de Conso para a participación na prevención e defensa contra incendio forestais, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020,

Á vista dos candidatos propostos e á vista das renuncias dos aspirantes inicialmente propostos, se acudiu a lista de reserva de acordo coa puntuación acadada, e tendo en conta aqueles aspirantes que superaron as probas físicas, recoñecementos médicos e curso de formación, segundo o disposto nas bases de selección e no uso das competencias que me son propias

ACORDO:

PRIMEIRO: Contratar como persoal laboral temporal, como PEÓNS para a brigada de prevención e defensa contra incendios a:

- Pedro Blanco Fernández.
- Daniel Fernández Pérez.
- Santiago Dieguez Martínez.

SEGUNDO: Formalizar o correspondente contrato laboral coas persoas seleccionadas e con data 26/07/2017 para o seu inicio e un periodo de tres meses.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo na web municipal e Taboleiro de anuncios ós efectos oportunos.

A ALCALDESA EN FUNCIÓNS
D^a. Melisa Macía Domínguez

V^o. A SECRETARIA
D^a. Ana María Loureiro Silva